



ENTREVISTAS A LOS CANDIDATOS A LA ALCALDÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



La necesidad de colaboración entre Galicia y Portugal

Los lazos históricos entre la región portuguesa de Miño y Galicia son muy antiguos y umbilicales. Separadas por dos entidades políticas nacionales, lo cierto es que las dos regiones nunca han dejado de relacionarse. Los datos económicos y sociales revelan una proximidad e interacción crecientes, estimuladas por la integración simultánea de Portugal y España en la Comunidad Económica Europea - CEE, hoy Unión Europea - UE, el 12 de junio de 1985.

El potencial de la relación entre las dos regiones se ve impulsado no solo por la voluntad de sus poblaciones, sino también por sus organizaciones políticas y asociativas locales, su sector económico, la voluntad política de los gobiernos centrales de los dos países y el estímulo de la Unión Europea.

El camino se hace al andar, dicen los peregrinos que recorren el Camino de Santiago, y así, nosotros, miñenses y gallegos, vamos haciendo camino, etapa tras etapa. Ha sido un camino intenso, con momentos buenos y malos; la última pandemia fue una prueba de nuestra capacidad de convivencia. ¿Y qué podemos decir? Hemos superado la prueba.

Seguiremos superando obstáculos, las próximas etapas del camino tienen varios senderos que recorrer. Nosotros vamos a centrar el nuestro en el camino de la colaboración empresarial y de la iniciativa privada, pues somos conscientes de que tenemos una enorme oportunidad de colaboración, dado que ya existen numerosos casos de éxito de cooperación entre entidades empresariales de Miño y Galicia.

Es necesario entender que la combinación de esfuerzos nos llevará a ser más fuertes y resistentes, que podamos salir de una situación de periferia de nuestras regiones, en relación a las potencias centrales ibéricas y



Gonçalo Pimenta de Castro
Vice-Presidente da AEMinho

europeas, ganando escala y protagonismo, pudiendo empezar a tener una importancia de la cooperación entre Galicia y Miño, que permita la aparición de varios proyectos, que estos puedan convertirse en operaciones concretas, generando riqueza y desarrollo socioeconómico en este territorio.

Conocimiento, innovación y cooperación son los vectores a seguir por las empresas de Miño y Galicia. La creación de alianzas con centros de conocimiento y formación profesional de nuestras regiones son prioritarias para las empresas. Es fundamental crear lazos con las universidades y escuelas politécnicas, ya sea a través de programas de patrocinio, tutoría o prácticas, adaptando los estudios de las aulas a la realidad laboral; o a través de asociaciones con estas escuelas para que se definan cursos con alta empleabilidad y ajustados a las necesidades reales de las empresas, ya que también se reconoce la importancia de la formación profesional.

Los centros de investigación y desarrollo, ya sean entre empresas de los mismos sectores económicos o entre entidades docentes e investigadoras y empresas, son esenciales para el fo-

mento de la competitividad y el liderazgo en el mercado. Los centros de I+D sitúan a nuestras empresas por delante de sus competidores, haciendo más fuerte y resistente el tejido económico local y, en consecuencia, el territorio donde se ubican.

Los clústers empresariales son uno de los modelos de cooperación empresarial de mayor éxito. Este modelo de relación entre empresas de una región es el resultado de la suma de esfuerzos entre empresas de una misma área económica, fomentando la innovación y aumentando la competitividad de dicha área económica, permitiendo a empresas, como las pequeñas y medianas empresas, llegar a mercados y clientes más amplios, que de otra forma no sería posible.

La colaboración entre asociaciones empresariales, fondos de inversión y clubes financieros de Miño y Galicia es fundamental y urgente. Las empresas están formadas por personas, y las personas necesitan conocerse y crear lazos entre ellas, que lleven a la creación de relaciones de confianza y respeto para la construcción de caminos de objetivos comunes. Eventos transversales a ambas regiones, como ferias y eventos sectoriales, es deseable que sean promovidos en Miño y Galicia; organización y promoción de conferencias sobre temas de interés común; momentos de networking, que fomenten el conocimiento mutuo y clarifiquen intereses comunes; momentos para promover la inversión en proyectos con necesidades específicas, nuevos proyectos, nuevas ideas y apoyo al emprendimiento serán actividades esenciales para el éxito de la cooperación transfronteriza.

La idea no es nueva, pero tiene mucho sentido para Miño y Galicia. Solos vamos más rápido, pero juntos, llegamos más lejos y somos más fuertes.

REVISTA DE PRENSA

Urovesa entrega trece motobombas a Medio Rural

La empresa compostelana Urovesa ha entregado trece nuevas motobombas a la Consellería do Medio Rural para luchar contra los incendios forestales.

Estos vehículos se han fabricado con una tecnología dual que permite una alta movilidad para que puedan trabajar en entornos de difícil acceso. También están preparados para alcanzar una mayor velocidad en todo tipo de terrenos, con estabilidad y seguridad para sus ocupantes.

Además, estas motobombas están equipadas con cisternas de agua de gran capacidad y transportan todo el equipamiento necesario para el trabajo de extinción de las brigadas forestales.



Congalsa invierte 4,8 millones de euros en una fábrica inteligente

Congalsa ha desarrollado el proyecto Congals4.0, su fábrica inteligente, que ha requerido una inversión de 4,8 millones de euros.

Esta iniciativa les ha permitido crear una planta de producción avanzada y automatizada, dotada con tecnologías de última generación, que sitúa a la firma con sede principal en A Pobra como un referente de la industria alimentaria.

Esta fábrica inteligente interconecta los procesos de producción y gestión sensorizando la planta y monitorizando datos en tiempo real, pero sin sustituir a las personas.



La nueva era de El Correo Gallego

El Correo Gallego empieza una nueva etapa, tras su incorporación a Prensa Ibérica, con el nombramiento de Xaime Leiro como director.

El presidente del Grupo Prensa Ibérica, Javier Moll, afirmó el día de su presentación a los trabajadores que estaba muy emocionado por esta nueva cabecera, “se puede decir que me ha salido un bebé de 145 años”. También declaró que “es un reto y un orgullo sumar una cabecera histórica” y que esta unión supone afianzar “el vínculo y el compromiso con Galicia”. Además, resaltó el objetivo de convertir el diario compostelano en un medio multidigital. El presidente de la Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, también tuvo unas palabras para El Correo Gallego y se refirió al periódico como “uno de los mejores libros de historia de Galicia”.



Nueve municipios se beneficiarán del proyecto de digitalización que Espina & Delfín presenta al PERTE

La empresa gallega Espina & Delfín ha presentado su proyecto al PERTE del ciclo urbano del agua. El plan se centra en la automatización y digitalización del ciclo del agua en Cartelle, Cerceda, Coirós, Leiro, Negreira, Palas de Rei, Sarria, Vilagarcía de Arousa y Vilanova de Arousa.

El presupuesto de esta iniciativa asciende a 12 millones de euros y comprende un total de veinte actuaciones que se llevarán a cabo en un plazo máximo de tres años e incluirán telelectura de contadores, gemelos digitales, sistemas de información geográfica e inteligencia artificial, entre otras medidas.



28M

XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO | PSOE

“Está prevista a construción de tres novos polígonos”

Xosé A. Sánchez Bugallo (Teixeiro, 1954) repite como candidato do PSOE nas próximas eleccións municipais. Comezou a súa carreira política da man de Xerardo Estévez en 1983 como xefe de gabinete. Desde 1987 formou parte da corporación municipal con diferentes competencias ata 1998, cando accedeu á alcaldía por primeira vez, revalidando o cargo de forma consecutiva nos tres seguintes comicios. En 2011 deixou a política municipal para volver en 2019 e ocupar o seu cargo actual de alcalde de Santiago.



— Que Santiago proxecta para aspirar á alcaldía?

Un Santiago moderno, plural e inclusivo. E, sobre todo, un Santiago onde as futuras xeracións poidan atopar oportunidades. Temos que ser capaces de reter o talento que se xera na nosa Universidade, e iso conséguese diversificando a economía, apostando polas novas industrias e as novas tecnoloxías, por exemplo. De feito, nas próximas semanas empezará a operar o Biopolo da Sionlla. Esa é unha das iniciativas que se impulsaron neste mandato porque o consideramos fundamental para o crecemento industrial da nosa cidade.

— Santiago é a capital administrativa de Galicia. Podería aspirar a selo da súa economía e industria?

Hoxe xa podemos dicir que Santiago é capital da industria biotecnolóxica, da madeira e, en xeral, das novas tecnoloxías. Avanzamos neste sentido, falaba do Biopolo, pero desde logo é evidente o crecemento industrial que viviu Santiago nos últimos catro anos. Hai unha imaxe que define perfectamente do que estou a falar: en 2019 o polígono da Sionlla era un deserto, sen auga nin saneamento, e agora, no 2023, está completamente cheo e precisamos ampliar o solo industrial.

— Para vostede, cales son as princi-

pais urxencias do tecido empresarial de Santiago?

A innovación e a internacionalización. Creo que demos pasos extraordinariamente importantes en materia de dixitalización nos últimos anos, sobre todo a partir da pandemia. No ámbito da internacionalización tamén avanzamos, pero é un camiño no que a constancia é a clave do éxito, polo que teremos que seguir concentrando esforzos nese sentido.

É moi difícil que sexa viable unha empresa que traballe só para un mercado de proximidade. Todos os mercados son abertos, todas as empresas poden vir aquí, e nós temos que saír. Quizais cómpre recordar que as exportacións representan máis do 40 % do PIB de Galicia, e se se teñen en conta as vendas a outras comunidades autónomas, estamos claramente por enriba do 60 %. Polo tanto, este é o camiño.

— Como reforzaría o sector industrial para non depender en exceso do sector servizos?

Captando investimentos e facilitando a ampliación das empresas xa existentes. E, por suposto, continuando coa mellora de servizos e das comunicacións para as zonas industriais.

— Que medidas implementaría para atraer empresas á capital e retelas?

Xa estamos implantando medidas con

ese obxectivo. Temos aprobadas bonificacións fiscais de ata o 95 % para as empresas que aporten tecnoloxía e emprego. Estamos traballando en fórmulas máis áxiles para a tramitación de licenzas e, a través de Uninova, poremos en marcha un programa de captación de investimento, atracción e acompañamento de empresas.

— Proxectarán novos polígonos industriais?

Están proxectados. En Santiago está prevista a construción de tres novos polígonos industriais que terán unha superficie aproximada de 82 hectáreas e que se situarán na propia zona do Tambre.

— Como melloraría o acceso ao solo industrial e como reduciría os tempos para obter as licenzas municipais?

O acceso está claro que a través da construción do Orbital e, a continuación, co Orbitaliño. A apertura do Orbital está prevista no mes de outubro deste ano e, respecto ao Orbitaliño, traballamos coa expectativa de licitar as obras a finais de ano. Sobre os tempos de tramitación de licenzas é xusto recoñecer que nestes catro anos concedemos máis licenzas que nos oito anteriores xuntos. Tamén é certo que hai unha parte que depende do Concello, pero hai outra que depende da administración autonómica. Pola nosa banda, estamos pensando na autorización de empresas de certificación, de tal maneira que, a través desa certificación, as empresas poidan iniciar as obras e a súa actividade sen prexuízo da posterior inspección por parte do Concello. Agora ben, por parte da comunidade autónoma deben ser revisados os prazos para a emisión dos informes preceptivos en materia medioambiental, auga e patrimonio. E eu agardo que saiban ver a necesidade de axilizar os trámites.



BORJA VEREA | PARTIDO POPULAR

“Crearemos a oficina Santiago Inverte para axilizar permisos”

Borja Vereá (Santiago, 1980), o candidato do Partido Popular á alcaldía de Santiago, é licenciado en Dereito pola Universidade de Deusto, máster en Administración Local pola Universidade de Santiago de Compostela e doutor en Dereito, tamén pola USC. Actualmente, é deputado no Parlamento de Galicia.

— Que Santiago proxecta para aspirar á alcaldía?

Quero construír entre todos a Compostela do século XXI. Temos que recuperar a nosa vocación cosmopolita, o noso plano universal e, polo tanto, temos que volver dialogar con interlocutores internacionais de maior nivel. Recuperar o futuro e a vangarda. O noso obxectivo é un Santiago máis amable, máis familiar e máis humano e para iso estamos presentando medidas moi ambiciosas en materia de vivenda, deporte, familia, empresa...

— Santiago é a capital administrativa de Galicia. Podería aspirar a selo da súa economía e industria?

Santiago non é só a capital legal ou administrativa. Somos sobre todo a capital emocional, somos a cidade de todos os galegos. Temos un sector público autonómico moi forte e unha industria turística tamén potente que moitas veces non deixa espazo ao sector industrial. Estes solapamentos temos que convertelos en sinerxías, porque temos todos os ingredientes para ser a capital da innovación, temos solo industrial, temos centralidade e, sobre todo, conectividade intermodal, temos axentes públicos que crean coñecemento (universidade, centros de investigación, hospital...) e, o máis importante, temos un nome que nos abre as portas de calquera parte do mundo. Sen dúbida temos que camiñar para ser tamén capital da innovación e a industria.

— Para vostede, cales son as princi-



pais urxencias do tecido empresarial de Santiago?

A nosa prioridade será que todo aquel que decida crear riqueza en Santiago teña un trato exquisito e personalizado. O actual goberno de Santiago non ten como prioridade que Compostela sexa un concello amable para os que queren investir na nosa cidade. Nin tan sequera funcionan as “commodities” como dirían en linguaxe empresarial: hai un brutal atasco burocrático e falla a xestión económica. Cando alguén entra no concello cun problema sae con cinco novos. Queremos cambiar completamente esa visión. Crearemos a oficina Santiago Inverte, que se encargará de axilizar os permisos, de acompañar desde o primeiro minuto aos axentes económicos e de buscar no exterior oportunidades para a nosa cidade.

— Como reforzaría o sector industrial para non depender en exceso do sector servizos?

O meu goberno terá como prioridade converter Santiago en capital da innovación e da industria. Isto non se pode facer dun día para outro e o máis importante é crear desde xa un contexto amable para todo aquel que queira investir aquí. Anunciei a creación dun fondo público de capital risco para apoiar as iniciativas máis importantes, para reter talento. O talento atrae talento. Outra medida será

declarar determinados proxectos como estratéxicos para que teñan máxima prioridade na súa tramitación. Pero o máis importante é cambiar o paradigma, temos que ser unha cidade amable para os inversores, temos todo para ser unha cidade creativa de primeiro nivel.

— Que medidas implementaría para atraer empresas á capital e retelas?

Estou xa anunciando moitas, que se poden resumir en construír un Santiago amable para as empresas. Por exemplo, crear a oficina Santiago Inverte para un tratamento personalizado do empresario, eliminar licenzas e trámites innecesarios, captar grandes investimentos cunha axenda internacional e profesional, un fondo público de capital risco para atraer talento ou declarar estratéxicos determinados proxectos para a súa tramitación exprés.

— Proxectarán novos polígonos industriais?

Ese é o único camiño. Por exemplo, estase esgotando a Sionlla e é imprescindible ampliálo, e estase traballando a través da Xunta de Galicia para conseguir uns 250.000 metros cadrados máis. Pero ningún proxecto estratéxico vai quedar sen facer en Santiago por falta de solo, ese é o meu compromiso.

— Como melloraría o acceso ao solo industrial e como reduciría os tempos para obter as licenzas municipais?

O meu goberno eliminará a tramitación das licenzas substituíndoas polo novo sistema de entidades certificadoras, modelo que existe noutras cidades e que permite reducir os prazos de tramitación de varios meses a poucos días. Como dicía, a cidade ten que poñer todos os medios administrativos e orzamentarios para ter solo industrial en cantidade e de calidade. Loxística e xeograficamente somos únicos, non podemos seguir perdendo oportunidades.

28M

MARÍA ROZAS | COMPOSTELA ABERTA

“Temos un plan de incentivos para a reindustrialización”

María Rozas (Santiago, 1981) é licenciada en Ciencias Políticas e da Administración pola USC e conta co Máster de Estratexias, Axentes e Políticas de Cooperación ao Desenvolvemento polo Instituto HEGOIA. Foi concelleira de Economía, Facenda e Administración en Santiago no período 2015-2019.



— Que Santiago proxecta para aspirar á alcaldía?

A Compostela que proxecto é na que se goberna con honestidade e escoitando a todos os sectores, un goberno próximo que sexa capaz de liderar cando lle toque e de acompañar os proxectos que xorden da sociedade civil e do mundo empresarial. Penso nunha Compostela valente e ambiciosa, que afronte os retos que ten por diante, algúns deles moi urxentes, como o da mobilidade. O de Compostela Aberta é un proxecto e modelo de cidade rexenerador da política local, ao tempo que innovador e modernizador.

— Santiago é a capital administrativa de Galicia. Podería aspirar a selo da súa economía e industria?

Santiago é unha cidade cun potencial enorme, tanto no económico como no industrial. Este potencial é maior se temos en conta o “Santiago real”, que inclúe Ames e Teo, e aínda máis se falamos da súa área de influencia que se estende a Oroso, Brión, Barbanza ou Deza. É evidente que ao redor da AP9 existen dous grandes polos (Vigo e A Coruña) e un centro (Santiago). Temos que buscar aquí o noso oco e liderado, cooperando, aproveitando a nosa centralidade, tendo en conta o aeroporto internacional e a Universidade. Se aproveitamos estes elementos podemos ser a capital e liderar en moitos ámbitos, nas empresas innovadoras e tecnolóxicas, nas enerxías renovables, nas industrias culturais, etc.

— Para vostede, cales son as principais urxencias do tecido empresarial

de Santiago?

No Goberno de Compostela Aberta démoslle moita importancia a por en marcha o plan de reindustrialización de Compostela para que no futuro poidamos ser líderes nos sectores da biotecnoloxía e da madeira, fixando tecido produtivo e emprego de calidade nesas áreas. É imprescindible que o Concello xogue un papel impulsor desta tripla hélice composta por administracións, Universidade e mundo empresarial. Como urxencias inmediatas, existe un grave problema coas licenzas urbanísticas, que lle afecta ás empresas e á cidadanía en xeral. Tamén hai que abordar o tema da mobilidade e para iso necesitamos un novo transporte público que conecte de forma eficiente os polígonos coa trama urbana de Santiago. Co que ten que ver co Concello, comprometémonos a crear unha Concellaría de Modernización Administrativa que teña como obxectivo fundamental simplificar trámites e facilitar a relación entre cidadanía, empresas e administración local.

— Como reforzaría o sector industrial para non depender en exceso do sector servizos?

Se algo aprendemos durante a pandemia é que necesitamos reforzarnos e diversificar a nosa economía. O turismo e os servizos son fundamentais en Santiago porque hai moitas persoas e sectores que viven deles. Mais temos que buscar diferenciarnos, aproveitar as potencialidades

que temos, como a Universidade, o aeroporto e a situación xeográfica, para xerar novos tipos de negocio, como se está a facer coa biotecnoloxía. Isto é importante resaltalo, agora que se comezan a ver os froitos do traballo iniciado no pasado mandato co Goberno de Compostela Aberta, cando se asinou o acordo para a reindustrialización de Santiago; é ao que debemos darlle continuidade, apostando por xerar ese valor engadido e todas as sinerxías que se producen en Santiago.

— Que medidas implementaría para atraer empresas á capital e retelas?

Queremos poñer en marcha unha oficina de captación, atracción e retención de empresas, un departamento que funcionaría como xestor dos trámites que as empresas teñen que realizar coa administración de forma centralizada. Tamén levamos no programa un plan de incentivos económicos para a reindustrialización e para favorecer a creación e o crecemento das empresas dos sectores punteiros e que aposten pola I+D.

— Proxectarán novos polígonos industriais?

É algo que pensamos que hai que estudar desde o Concello; o ritmo de implantación de empresas no Polígono de Costa Vella e da Sionlla é importante e temos que adiantarnos e estar preparados para cando chegue ese momento. Nos polígonos debería priorizarse a industria sobre os servizos e a ocupación comercial.

— Como melloraría o acceso ao solo industrial e como reduciría os tempos para obter as licenzas municipais?

Isto será unha das prioridades. Temos que buscar solucións que simplifiquen, como a creación da Concellaría de Modernización Administrativa e un novo sistema para traballar no Departamento de Urbanismo. Creemos que Santiago ten que sumarse a “Pasaxe”, un servizo que permite axilizar trámites como das licenzas.



“Cómpre apostar pola estación de mercadorías da Sionlla”

Goretti Sanmartín (A Estrada, 1964), candidata do BNG á alcaldía, é doutora en Filoloxía. Foi docente no Instituto de Idiomas da USC e, na actualidade, forma parte da Executiva Nacional do BNG.

— Que Santiago proxecta para aspirar á alcaldía?

Un Santiago con diversificación económica e xerador de emprego. Creador de sinerxías coa Universidade, tanto no referido ao aproveitamento de infraestruturas como ao apoio á colaboración universidade-empresas. Máis humanizado, accesíbel e preparado para o cambio climático. Un espazo de encontro da xente que vive e traballa aquí, con medidas para fixar a poboación, con vivenda a prezos razoábeis e unha aposta decidida polo comercio e a cultura. Unha Compostela segura, amábel, feminista e inclusiva.

— Santiago é a capital administrativa de Galicia. Podería aspirar a selo da súa economía e industria?

Ten todas as potencialidades para selo. Posúe un sector industrial puxante en ámbitos especializados e unha universidade que aposta pola investigación. Ten posibilidades de procurar novos nichos de emprego ligados á economía circular, ás políticas de coidados e conciliación ou a apostas innovadoras como a creación dunha planta de compostaxe que propón o BNG. Son fundamentais o tecido comercial e as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais.

— Para vostede, cales son as principais urxencias do tecido empresarial de Santiago?

A aposta por verdadeiros polígonos industriais, que non poden verse substituídos por empresas comerciais. Tamén sinalamos entre as urxencias a necesidade de diversificar as súas dependencias ligadas ao sector do turismo e dos servizos. Unha vez que se completen as infraestruturas pendentes (Orbital, Orbitaliño e depura-



dora) cómpre apostar pola estación de mercadorías da Sionlla. É preciso ampliar e reforzar as liñas de transporte que van aos polígonos industriais. Defendemos tamén apostar pola innovación, a modernización e a especialización xunto coas boas prácticas en materia social e de igualdade. Finalmente, é crucial visibilizar e dotar de prestixio a aposta pola economía social e queremos tamén organizar servizos mancomunados para empresas.

— Como reforzaría o sector industrial para non depender en exceso do sector servizos?

Con industrias ligadas á investigación universitaria, coa aposta polo sector agroalimentario, a biotecnoloxía, os avances médicos e a madeira, acompañado do fomento das industrias innovadoras, novos mercados e produtos de especial atractivo na actualidade. Como xa comentamos, a economía circular, o sector da compostaxe e reciclaxe, o desenvolvemento de empregos ligados ao progresivo envellecemento da poboación e aos coidados en xeral e o fomento de oficios tradicionais serán eixos transversais das políticas que o BNG vai desenvolver. Estabeleceremos tamén axudas concretas ao emprendemento industrial, para alugueres brandos e acceso ao financiamento, entre outros.

— Que medidas implementaría para atraer empresas á capital e retelas?


Axilizar a burocracia administrativa, coa creación dun portelo único e preferente para as empresas que queiran instalarse no noso territorio. Consegui que a Administración electrónica sexa transparente, de tal maneira que os expedientes poidan ter un seguimento individualizado, mais sempre cunha única persoa como interlocutora por parte do Concello. Crear unha oficina de captación de fondos europeos. Estabelecer unha colaboración constante coa USC para deseñar plans para instalar industrias ligadas á innovación.

— Proxectarán novos polígonos industriais?

Desde o BNG apoiamos as liñas de prioridades estratéxicas marcadas na Axenda 2030 e apostamos de maneira decidida por fomentar as relacións co norte de Portugal, unha cuestión na que Compostela deba ser punteira. Despois de termos practicamente esgotada a capacidade do polígono industrial do Tambre e dos parques empresariais de Costa Vella e Boisaca, cómpren novos polígonos industriais que ofrezan outras posibilidades de instalar industrias no noso territorio.

— Como melloraría o acceso ao solo industrial e como reduciría os tempos para obter as licenzas municipais?

Urxe rematar coas infraestruturas pendentes, desde o Orbitaliño á autovía a Lugo, proxectar as novas, mesmo que sexan vellas reivindicacións, como a estación de mercadorías da Sionlla, e mellorar o sistema de transporte. Canto á axilización administrativa, xa dixemos que debe existir unha xanela única, cunha persoa interlocutora e axilizadora de cada expediente, algo que debe reforzarse desde a transparencia total –interna e externa– da Administración electrónica. Para alén destas medidas, poucas cousas xustifican máis un reforzo en persoal municipal que a axilización administrativa para a concesión de licenzas.



GABIPER | JUAN ÁNGEL LÓPEZ ROUCO

La importancia de los peritos

Juan Ángel López Rouco (Santiago de Compostela, 1951) tiene a sus espaldas una larga trayectoria profesional dedicada al sector del peritaje; es perito de seguros desde 1978. En 1988 creó su empresa, Gabiper, que acumula 35 años de experiencia como líder en el sector del peritaje y como una compañía especializada en seguros. En la actualidad cuenta con diez empleados y una facturación en el último ejercicio de 600.000 euros.

Gabiper presta sus servicios en Galicia y Asturias, “damos asesoramiento a particulares, empresas y a todo tipo de consumidores de seguros ante la ocurrencia de un siniestro. También emitimos informes técnico periciales en los que se determina la causa y circunstancia del siniestro, valoración de daños y propuesta de indemnización. Otro servicio que ofrecemos es la homologación de maquinaria y vehículos”, explica López Rouco. Para cubrir el mercado nacional forman parte de AGP Gabinete Pericial, del que Juan A. López Rouco fue director general desde 2018 hasta abril del 2022.

Como experto, López Rouco resalta que una de las principales complicaciones a las que se enfrenta este sector es el fraude a los seguros. “Esta es una lacra que existe desde siempre y que aumenta de manera importante en momentos difíciles económicamente. La sociedad debería denunciar los fraudes puesto que las cantidades defraudadas la pagamos los consumidores al subir el precio de las pólizas en la parte de fraude que las compañías cargan en los recibos”.

En Galicia las estafas más frecuentes a los seguros se dan en las pólizas de automóviles. Por tipo de cliente, en los particulares las más comunes son las relacionadas con el agua, robos y daños personales y en las empresas los daños por averías de maquinaria, desperfectos ocasionados por el agua y robo. “Últimamente también están teniendo un auge importante los telemáticos”, advierte López Rouco.

Por todo esto, el perito se ha convertido en una figura imprescindible: “El perito ha sido, sigue y seguirá siendo una figura imprescindible en la detec-

ción del fraude, dado que es la persona que con su conocimiento, experiencia y buen hacer se desplaza al riesgo y realiza las gestiones y averiguaciones para detectar el fraude”.

La importancia del perito es clave y, por ello, una de las principales líneas de negocio. “Lo que más beneficios aporta a Gabiper son las intervenciones para entidades aseguradoras. Hay que resaltar que las intervenciones para particulares y empresas están aumentando y esperamos que este tipo de consumidores de seguros aumente. Hay que concienciar a la población de que el asesoramiento de un perito en el momento del siniestro es vital para una resolución positiva. Los particulares tienen que tener en cuenta que las compañías aseguradoras, que conocen bien las pólizas que emiten, son las que nombran un perito y los consumidores, que normalmente desconocen los derechos que la póliza le otorga, no nombran a ningún perito. Por ello, puedo asegurar que contratar un perito no es un costo si no una inversión”.

